

EIXE 2 | A Recuperación como meta

## SAÚDE: ACOMPANAMENTO PSICOLÓXICO A TRAVÉS DA VIVENDA

### Entidade executante

Provivienda (<https://www.provivienda.org/>)

### Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Vigo

### Persoas destinatarias

Persoas en situación de vulnerabilidade residencial de entre 16 e 65 anos con problemática de saúde mental con ou sen diagnóstico previo que precisen apoio baseado na vivenda e acompañamento social para acadar a súa autonomía persoal, social e psicolóxica.

### Obxectivos

**Xeral:** Aumentar o benestar psicosocial de persoas en situación de vulnerabilidade residencial

#### **Específicos:**

Apoiar na mellora da sintomatoloxía en casos de trastorno da saúde mental das persoas en situación de vulnerabilidade residencial, para xerar estratexias que favorezan a súa permanencia na vivenda, previndo a institucionalización.

Dinamizar espazos de encontro a persoas con diagnóstico de saúde mental ou familiares que se vexan afectadas por esta problemática a través de grupos temáticos eleixidos, xerando redes de apoio mútuo entre os/as participantes

Sensibilizar e informar á comunidade (poboación de Vigo) sobre a saúde mental e os seus cuidados a través de campañas de sensibilización programadas no proxecto.

### Metodoloxía

A metodoloxía de intervención ten a súa base teórica en varios modelos. Un centrado na vivenda e outro centrado na persoa.

Plantexase unha aproximación sistémica, grupal e comunitaria.